

## ENIGMA

Substantivo masculino. Cousa difícil de comprender ou da que se ignora todo. (Os enigmas do alén.) SINÓNIMO arcano (A súa procedencia é un enigma) SINÓNIMOS incógnita, misterio

Descrición ambigua ou metafórica dunha cousa, para ser descifrada. (Non fun capaz de resolver o enigma.) CONFRÓNTESE adiviña, xeroglífico

## ADIVIÑA

substantivo feminino. Enigma ou pregunta enxeñosa para entreterse en acertar a resposta. (Sabe moitas adiviñas) .SINÓNIMO [adiviñanza](#)

\* Estou pensando, pensando; de pensar vólome tola. Coa sogra da muller de meu irmán, ¿que parentesco me toca?

\* Ten dentes e non come, ten cabeza e non é home.

\* Sábelo que nunca se pode tocar coa man esquerda?

\* Entre dúas murallas brancas, hai unha flor colorada, que con choiva ou bo tempo, está sempre mollada.

\* Na horta son criada, na horta fun nacida, e fago chorar a todos, os que me miran partida.

### ***As pitas da señora Remedios***

*A señora Remedios decidiu ir á feira de Monterroso para vender alí todas as súas galiñas.*

*Tratábase dunha anciá ben arteira que por cartos era quen de enganar a calquera.*

*O seu posto na feira era unha especie de curraliño, mais non era posible ver as galiñas, só se escoitaba o seu cacarexar, pois estaban tapadas por unha gran lona. A quen se interesaba polas pitas dicíalle así:*

*—As miñas galiñas sonlle ben poñedoras, mais ás pobres non lles convén a luz do sol porque andan mal da vista: tres non poden ver co ollo dereito e tres non poden ver co ollo esquerdo; tres poden ver co dereito e tres poden ver co ollo esquerdo; tres poden ver cos dous ollos e outras tres teñen ambos os dous ollos cegados.*

*Un dos primeiros clientes, ao escoitar a explicación da señora Remedios e os cartos que pedía por elas, pensou: «Por este diñeiro fago ben en levar as dezoito galiñas». Pagou e marchou coas pitas, sen levantar a lona para non as prexudicar.*

*Cando por fin chegou á súa casa e descubriu a lona, o comprador arrenegou do negocio porque o número de galiñas se reducira ao mínimo respecto do que el imaxinaba. Iso si, a señora Remedios non lle mentira.*

*Cantas galiñas lle vendera?*